

Moi boas a tod@s

Como supoño ben saberedes a estas alturas, e en virtude do establecido no BOE 14/03/2020 relativo a declaración do estado de alarma, e mais en concreto no seu artigo 9º

*“Artículo 9. Medidas de contención en el ámbito educativo y de la formación.*

*1. Se suspende la actividad educativa presencial en todos los centros y etapas, ciclos, grados, cursos y niveles de enseñanza contemplados en el artículo 3 de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, incluida la enseñanza universitaria, así como cualesquiera otras actividades educativas o de formación impartidas en otros centros públicos o privados.*

**2. Durante el período de suspensión se mantendrán las actividades educativas a través de las modalidades a distancia y «on line», siempre que resulte posible.”**

E sen detrimento do establecido e/ou do que se establecerá no futuro, en función da evolución da situación, pola Consellería de Educación , procedo a trasladarvos algunhas informacións que poden resolver dúbidas sobre o desenrolo das actividades educativas durante este período :

1. A actividade formativa continuará a través da modalidade “on line”, para o cal empregaremos o correo electrónico que xa temos usado en vez anterior
2. O alumnado mantén a obriga de continuar a súa formación, a través dos sistemas telemáticos establecidos polo centro .
3. Calquera dúbida será trasladada a través do correo [sperez@edu.xunta.es](mailto:sperez@edu.xunta.es)
4. As probas de avaliación quedan aprazadas , hasta a volta a actividade académica lectiva presencial.
5. Como obxectivo prioritario, procuraremos durante este período abordar os contidos teóricos, para unha vez recuperada a normalidade poder centrarnos nos contidos prácticos.
6. O horario de atención e disposición do profesor e tutor Samuel Pérez, será o mesmo que o horario lectivo habitual.
7. En caso de ser diagnosticado afectado polo virus , informará a maior brevidade posible da situación ao titor, ao obxecto de facilitar esta información as autoridades educativas e para velar polos membros da comunidade educativa coa cal se compartiu espazo nos derradeiros días.

PARA MAIS INFORMACIÓN:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>

<https://coronavirus.sergas.gal/>

## Que debes saber do novo coronavirus?

Os coronavirus son virus que circulan entre os animais. Porén, estes virus tamén poden afectar os humanos.

O novo coronavirus identificouse na China a finais de 2019 e é unha nova cepa que non se vira antes nos seres humanos.




Os **síntomas** máis comúns da enfermidade provocada polo coronavirus (COVID-19) son:

FEBRE



TOSE



SENSACIÓN DE FALTA DE AIRE 

### Medidas para protexernos do coronavirus



Lavar as mans frecuentemente.



Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.



Ao tusir, cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.



En caso de ter síntomas respiratorios, evitar o contacto próximo con outras persoas.

SE NOS 14 DÍAS DE CHEGAR DUNHA ÁREA DE RISCO OU DE TER UN CONTACTO ESTREITO CUN CASO CONFIRMADO



ÁREAS DE RISCO

+  
SÍNTOMAS  
↓



**NON ACUDIR** directamente ao hospital nin ao c. de saúde

PARA INFORMACIÓN E SÍNTOMAS **LEVES**

CHAMAR AO **900 400 116**

CONTACTAR SÓ TELEFONICAMENTE CO **061** NAS EMERXENCIAS E CASOS **GRAVES**

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA